



JOSE A. CORTIZO NIETO

NOTARIO

C/. Senra, 13 - 1º

Teléfono: 981 58 27 00

FAX 981 58 29 67

15702 Santiago de Compostela

Cód. Not.: 150780014

Núm. 1236

COPIA

ELEVACION A PUBLICO DE ACORDOS SOCIAIS
(CONTEN MODIFICACION DOS ESTATUTOS SOCIAIS)

Outorgada por:

INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, S.A.

10

SETEMBRO

2013



11/2012



BJ9183688

JOSE ANTONIO CORTIZO NIETO

Notario

C/ Senra, 13 - 1º

15702 Santiago

TEL. 981/56.27.00 Fax. 981/58.29.67

ELEVACION A PUBLICO DE ACORDOS SOCIAIS.
(CONTEN MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS SOCIAIS)

B NÚMERO MIL DOUSCENTOS TRINTA E SEIS.-----

EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, a miña residencia a
 dez de setembro de dous mil trece.-----

Perante mín, **JOSE ANTONIO CORTIZO NIETO**, Notario
 do Ilustre Colexio de Galicia.-----

===== C O M P A R E C E =====

DON JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE, maior de ida-
 de, casado, veciño de Santiago, con enderezo a estos
 efectos en Pazo de Raxoi.- D.N.I. 09746.879-P.-----

INTERVEN, como Secretario do Consello de Admi-
nistración, en representación da Sociedade unipersoal
"INFORMACIÓN E COMUNICACION LOCAL, S.A.", "INCOLSA",
 C.I.F. A-15683477, con domicilio social no Pazo de
 Raxoi constituída por tempo indefinido en escritura
 outorgada ante o Notario de Santiago don José-Antonio
 Montero Pardo, o 20 de xaneiro de 1999, número 108 de
 protocolo; inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago
 de Compostela, no tomo 2180, folla SC-21392, inscrip-

ción 1ª.-----

Foi nomeado Secretario do Consello de Administración, cargo que aceptou e asevera continúa vixente, na reunión de 15 de maio de 2012, elevado a público en escritura outorgada o 4 de xuño de 2012, perante o Notario de Santiago Don Carlos de la Torre Deza, número de protocolo 829, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, e eu, Notario, xulgo as facultades do comparecente, no exercicio do seu cargo, suficientes para esta escritura.-----

Eu, o Notario, fago constar expresamente que os efectos do establecido establecido na Lei 10/2010 de 28 de Abril, de prevención de blanqueo de capitais e da financiación do terrorismo, manifesta o comparecente que non existe ningún socio en quen se de a condición de titular real aos efectos da citada Ley, pois o único socio que cumpre dita condición é persoa jurídica exenta da obligación de identificación de titular real por seren unha entidade de dereito público.-----

Ao meu xuízo, ten a capacidade legal necesaria para o outorgamento da presente escritura, e-----

===== E X P O N: =====

I.- Que na sesión da Xunta Xeral Extraordinaria



BJ9183687

da sociedade municipal "INFORMACIÓN E COMUNICACION LOCAL, S.A." unipersoal, "INCOLSA" celebrada o 27 de xuño de 2013, o socio único decidiu a modificación dos Estatutos Sociais, quedando íntegramente redactados de conformidade a como figura na certificación expedida polo comparecente, como Secretario do Concello de Administración da Sociedade, con Vº e Prace da Presidenta, dona Reyes Leis Rodríguez, que incorporo a esta matriz, lexitimando as firmas cas autorizan, e que teño por reproducida na presente para evitar reiteracions.-----

Esto exposto,-----

===== O U T O R G A =====

Que eleva a público o acordo contido na certificación incorporada.-----

Así o di e outorga.-----

Lída por mín esta escritura ao comparecente, pola súa elección; a ratifica, aproba e asina -----

De identificar o comparecente polo D.N.I. reseñado e do contido neste instrumento público, extendido

en dous folios de papel exclusivo para documentos notariais, números o do presente e o seguinte en orde correlativo de numeración, eu Notario, dou fe.-----

Segue a sinatura do comparecente. Signado e asinado o Notario autorizante. Rubricado e selado. -----

Aplicación Arancel, Disposición. Adicional 3ª Ley 8/1989

DOCUMENTO SIN BASE ARANCELARIA

SEGUEN DOCUMENTOS UNIDOS



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BJ9183686

D. JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. UNIPERSONAL (INCOLSA) DE CAPITAL 100% MUNICIPAL PERTENCENTE AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CON C.I.F. A-15683477, E INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL DA CORUÑA BAIXO A FOLLA C-21.392 NO TOMO 2.180 DO ARQUIVO, SECCIÓN XERAL, INSCRICIÓN 1ª,

CERTIFICO:

Que segundo consta no Libro de Actas da sociedade, na sesión da Xunta Xeral Extraordinaria da sociedade municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. UNIPERSONAL (INCOLSA), celebrada con data 27 de xuño de 2013, o socio único adoptou o acordo de aprobar o proxecto de modificación dos Estatutos Sociais, quedando íntegramente redactados como a continuación se indica:

TÍTULO I**DENOMINACIÓN, OBXECTIVOS, DURACIÓN, DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO NORMATIVO**

Artigo 1º.- Coa denominación de "INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, SOCIEDADE ANÓNIMA", e por anagrama "INCOLSA" expresión que se utilizará en adiante para designala, créase unha Empresa Municipal, en forma de Sociedade Anónima, constituída ao amparo das normas reguladoras das sociedades anónimas e da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, (Lei 7/1985, de 2 de abril), Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, (RDL 781/86, de 18 de abril), Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e demais normativa de aplicación.

A Sociedade rexeráse polos presentes estatutos, a lei reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e as outras leis xerais administrativas e os seus regulamentos que sexan de aplicación, conxuntamente co Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo.

Artigo 2º.- Constitúe o obxecto social de INCOLSA, a explotación e xestión dos intereses e dereitos municipais en materia de comunicación e proxección pública, a xestión dos medios de comunicación do Concello de Santiago de Compostela, a prestación de servizos de información e comunicación deste Concello e a xestión e prestación de servizos de información e comunicación en xeral. E, en especial:

- a) A comunicación impresa mediante revistas, folletos, carteis e calquera outro medio que se estime necesario.
- b) A produción, reprodución e difusión de imaxes e sons, a través dos sistemas que se consideren oportunos.
- c) O fomento e promoción da actividade turística xeral no ámbito municipal en colaboración e cooperación coas restantes Administracións públicas e especialmente cos restantes Concellos da comarca de Santiago de Compostela.
- d) O estudo, xestión e execución de plans de dinamización e excelencia turística e programas de actuación concertados con Administracións e outras institucións e entidades públicas e privadas de índole turística ou de comunicación e información.



INCOLSA

Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela tfo.: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.740 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

Página 1 de 10



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- e) O desenvolvemento e xestión de campañas de información, comunicación e promoción turística e cidadá.
- f) A explotación comercial de publicacións, folletos, imaxe corporativa, símbolos e anagramas, titularidade do Concello de Santiago, así como aqueles outros que se poidan elaborar ou producir pola propia Sociedade.
- g) A xestión das oficinas de información turística e cidadá e a produción de cantos outros servizos turísticos se consideren necesarios para o desenvolvemento do sector no municipio.
- h) Cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, todas aquelas encamiñadas á promoción da cidade de Santiago e dos seus habitantes.
- i) Crear e desenvolver redes relacionadas coa xestión, investigación e innovación do impacto turístico nos novos desenvolvementos urbanos e nos xa existentes co obxecto de garantir un equilibrio sostible entre a poboación residente e a actividade propiamente turística no ámbito do Concello de Santiago.
- j) Cooperar, asesorar e establecer relacións con institucións locais, rexións, nacionais e europeas, así como empresas, colectivos e outras asociacións de carácter nacional e internacional relacionadas coa xestión, investigación, innovación e creación.
- k) Axudar ao desenvolvemento sostible e ao mantemento dos nosos recursos históricos, urbanos, naturais, medioambientais e culturais, con especial atención ao que poida contribuir a mellorar a calidade de vida e o benestar social dos cidadáns sexa cal for a súa idade e condición.
- l) Investigar e promover solucións aos problemas provocados pola evolución dos sistemas sociais, culturais e os desequilibrios xerados polos novos modelos de vida.
- m) Xestión de todo tipo de bens de titularidade municipal que sexan precisos ou axeitados para o cumprimento do seu obxecto social.
- n) Desenvolvemento e xestión do turismo de congresos na cidade.

O desenvolvemento do obxecto social de INCOLSA constitúe unha forma de xestión directa dun servizo público de competencia local, de conformidade co establecido no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sendo medio propio e servizo técnico do Concello de Santiago, nos termos contemplados no art. 24.6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa que a complementa, desenvolva ou substitúa, para calquera encomenda e en calquera procedemento de adjudicación de contratos nas materias comprendidas no seu obxecto social.

Artigo 3º.- No exercicio das actividades que constitúen o seu obxecto social, INCOLSA axustarase, en todo caso, aos seguintes criterios xerais de actuación:

- a) O respecto, defensa e promoción dos principios que informan a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para Galicia e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.
- b) A obxectividade, veracidade e imparcialidade nas informacións.
- c) A defensa e promoción do idioma galego e da plena normalización lingüística.
- d) A promoción cultural e social da cidade de Santiago e de todos os seus habitantes.
- e) A separación entre informacións e opinións, a identificación dos que sustentan estas últimas e a libre expresión das mesmas.
- f) O respecto ao pluralismo político, relixioso, social e cultural.



CONCELLO DE SANTIAGO

Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela tfo.: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.748 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

Página 2 de 10



BJ9183685

- g) O respecto á honra, a fama, a vida privada das persoas e cantos dereitos e liberdades recoñece a Constitución.
- h) A protección da xuventude e da infancia.
- i) O respecto aos valores de igualdade recollidos no artigo 14 da Constitución.

Artigo 4º.- INCOLSA constitúese por tempo indefinido e as súas operacións darán comezo o día da constitución da Sociedade.

Artigo 5º.- INCOLSA establecerá o seu domicilio social no Pazo de Raxoi, Casa Consistorial do Concello de Santiago de Compostela.

TÍTULO II

CAPITAL SOCIAL

Artigo 6º.- O capital social de INCOLSA fíxase en sesenta mil cento un euros con vinte e un céntimos (60.101,21 euros), representado por CEN accións de 601,0121 euros cada unha, numeradas do un ao cen, ambos os dous inclusive, de única serie e clase, todas nominativas, totalmente desembolsadas e subscritas polo Excmo Concello de Santiago de Compostela.

Poderanse adscribir ao patrimonio de INCOLSA, en concepto de cesión de uso, e con independencia do réxime xurídico e económico que en cada caso corresponda, os bens e dereitos de titularidade municipal, afectos ao cumprimento do seu obxectivo social, e conservando ditos bens a súa calificación xurídica ordinaria.

Artigo 7º.- A sociedade poderá aumentar ou reducir o capital social conforme ás disposicións legais vixentes. A Xunta Xeral determinará as condicións particulares e formas nas que haberá de verificarse cada nova ampliación ou redución.

Artigo 8º.- A sociedade poderá, por Acordo da Xunta Xeral, a proposta do Consello de Administración, emitir obrigacións hipotecarias ou non, co interese, prazo de reembolso e demais condicións que a mesma Xunta determine e dito Consello propoña.

TÍTULO III

GOBERNO E A ADMINISTRACIÓN.

Artigo 9º.- A Dirección e Administración de INCOLSA estará a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Xunta Xeral.
- b) O Consello de Administración
- c) O Presidente do Consello de Administración
- d) O Director-Xerente

Sección I.- A Xunta Xeral

Artigo 10º.- A Xunta Xeral é o órgano supremo da Sociedade e estará constituída pola Corporación en Pleno do Excmo. Concello de Santiago.



INCOLSA

Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela tño.: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.748 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

Página 3 de 10



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estará presidida polo Alcalde, e asistirán con voz pero sen voto aqueles membros do Consello que non formen parte da Corporación, así como o Director-Xerente, actuando como Secretario o da Corporación Municipal ou quen legalmente o substitúa.

Artigo 11º.- A Xunta Xeral, será convocada polo Presidente, de acordo coas formalidades previstas da Lei e reunirse:

- a) En sesión ordinaria, dentro do primeiro semestre de cada ano natural, para examinar a xestión social, estudar e aprobar, no seu caso, as contas do exercicio anterior, e resolver sobre a aplicación do resultado e sobre asuntos da súa competencia, que a Presidencia decida incluír na Orde do día.
- b) En sesión extraordinaria, tantas veces sexa necesario, a pedimento do Consello de Administración, ou en calquera dos casos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais normativa aplicable.

Artigo 12º.- Para a válida constitución da Xunta Xeral, en primeira convocatoria, requirirase a asistencia dun tercio do número legal de membros da Corporación. En todo caso, será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario da Corporación ou dos que legalmente os substitúan.

No anuncio da convocatoria poderá facerse constar, así mesmo, a data na que, se procedera, se reunirá a Xunta Xeral en segunda convocatoria.

Entre a primeira e a segunda reunión deberá mediar, cando menos, un prazo de vinte e catro horas.

Se a Xunta Xeral debidamente convocada, calquera que sexa a súa clase, non puidera celebrarse en primeira convocatoria nin se preverá no anuncio a data da segunda, a celebración desta deberá ser anunciada, co mesmo orde do día e os mesmos requisitos de publicidade que a primeira, dentro dos quince días seguintes á data da xunta non celebrada e con cando menos dez días de antelación á data fixada para a reunión.

Artigo 13º.- Corresponde á Xunta Xeral, sen prexuízo da competencia do Concello Pleno, de acordo co Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

- a) Designar os Vocais do Consello de Administración.
- b) Modificar os Estatutos.
- c) Aumentar ou diminuír o capital social.
- d) Emitir obrigacións.
- e) Aprobar o inventario, as contas anuais, e no seu caso, a aplicación do resultado.
- f) A transformación, fusión ou disolución da Sociedade e, en xeral, calquera modificación dos Estatutos sociais.
- g) As demais competencias que a Lei de Sociedades Anónimas atribúe á Xunta Xeral.

Artigo 14º.- O funcionamento da Xunta Xeral rexerase, en canto ao procedemento e réxime de adopción de acordos, polos preceptos contidos na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aplicándose as normas previstas na Lei de Sociedades de Capital nas restantes cuestións.



ENCOLDA

Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela tfo.: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.748 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com



BJ9183684

Sección II.- O Consello de Administración

Artigo 15º.- O Consello de Administración estará integrado polo Presidente e un número mínimo de catro e un máximo de seis vocais, chamados conselleiros, membros do Pleno do Concello. Non poderán ser conselleiros, aquelas persoas que se atopen incursas en causas de incapacidade e incompatibilidade, de acordo co establecido na vixente lexislación de Réxime Local e de Sociedades de Capital.

O presidente será o alcalde e, o resto dos conselleiros serán escollidos de conformidade coa proporcionalidade acadada polos distintos grupos políticos con presenza na corporación municipal, garantindo representación a todos eles.

Artigo 16º.- A designación dos membros do Consello, realizarase por períodos de catro anos, se ben cesarán automaticamente os designados que perdesen a condición de membros do Concello Pleno.

En calquera caso, cando algún vocal cese no seu cargo, o designado para substituílo será nomeado pola Xunta Xeral para o período de tempo que ao substituído lle quedase por cumprir.

No período comprendido entre o termo dos catro anos e a constitución dunha nova Corporación municipal integrante do Concello Pleno, e en tanto a Xunta Xeral non proceda ao nomeamento dos novos vocais, os Conselleiros en funcións que teñan a condición de membros do Consello de Administración seguirán asumindo tal condición para garantir a administración da sociedade.

Artigo 17º.- A Xunta Xeral, aínda antes de vencer o prazo, poderá acordar a remoción no cargo de Conselleiro co quórum previsto no artigo 47.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.

Artigo 18º.- A Presidencia do Consello recaerá no Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, quen poderá delegar, previa renuncia ao cargo de Presidente e Conselleiro, noutro membro da Corporación que sexa membro do Consello de Administración. No caso de que trala delegación da Presidencia o número de vocais que compoñen o Consello de Administración non acade o mínimo de catro deberá procederse ao nomeamento de novos vocais ata acadar ese mínimo.

O Presidente do Consello de Administración, ou quen o substitúa, convocará as reunións do Consello, formulando a Orde do Día e dirixindo os debates no seo do mesmo.

Artigo 19º.- O Consello celebrará sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao trimestre. E, extraordinaria, sempre que a convoque o Presidente ou o que faga as súas veces, ou o soliciten, cando menos, un terzo dos membros do consello.

Os administradores que constitúan cando menos un terzo dos membros do Consello, poderán convocalo, indicando a orde do día, para a súa celebración na localidade onde radique o domicilio social, se previa petición ao presidente, este sen causa xustificada non fixera a convocatoria no prazo dun mes.





TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A convocatoria indicará o lugar de celebración. As sesións celebraranse no domicilio social ou no lugar indicado na convocatoria, e sempre dentro do termo municipal de Santiago, ou noutro lugar sempre que o acorde o propio Consello de Administración.

As convocatorias deberán conter a Orde do Día, realizándose as citacións por escrito e cunha antelación mínima de 48 horas, agás que se trate de sesións extraordinarias urxentes, nas que a convocatoria non quedará suxeita a prazo ningún.

Para o caso de convocatorias extraordinarias urxentes, o carácter de urxencia deberá ser ratificado mediante acordo adoptado por maioría absoluta dos presentes, ao inicio da sesión.

Artigo 20º.- O Consello de Administración quedará validamente constituído cando concorran á reunión, a maioría dos conselleiros, considerándose a estes efectos conselleiros o Presidente e os Vogais.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos conselleiros concorrentes á sesión.

O Consello poderá adoptar acordos sen sesión, mediante votación por escrito, se ningún Conselleiro se opón a este procedemento.

Artigo 21º.- As discusións e acordos do Consello de Administración levaranse a un Libro de Actas, que serán asinadas polo Presidente e o Secretario, ou no seu caso, polas persoas que legalmente os substitúan nas sesións, (Vicepresidente e Secretario suplente ou Vicesecretario). Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo Secretario ou Secretario Suplente (Vicesecretario) e visadas polo Presidente, ou no seu caso, polo Vicepresidente.

Artigo 22º.- Son competencias do Consello:

- a) A xestión superior da Sociedade.
- b) O nomeamento e o ceseamento do Director-Xerente, fixando os dereitos e obrigas do seu cargo.
- c) Aprobación do Cadro de persoal, así como as normas e bases que rexerán nos procedementos de contratación.
- d) Autorizar toda clase de contratos, adquisicións e subministros, de acordo coas normas internas de contratación. O Consello de Administración poderá delegar esta facultade noutros órganos da empresa de acordo coa normativa vixente.
- e) Formular, no prazo máximo de tres meses, contados a partir do peche do exercicio social, as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado, e propoñer á Xunta Xeral, no seu caso, a súa aprobación conforme ao disposto no artigo 34 destes Estatutos.
- f) Acordar sobre o exercicio e desistimento de accións xudiciais.
- g) Velar pola observancia dos principios de actuación establecidos no artigo 3 destes Estatutos.
- h) Aprobación do plan de actividades fixando os criterios básicos e as liñas xerais de actuación.
- i) Aprobación das normas reguladoras de publicidade institucional e privada.



ENCOLSA

Rúa do Vila 63, 15705 Santiago de Compostela tño.: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.748 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

Página 6 de 10



BJ9183683

k) Aprobar o proxecto de orzamentos para a súa posterior elevación ao Concello Pleno para a súa aprobación e integración no xeral da Corporación.

l) Fixar a contía das dietas por asistencia ás reunións e das indemnizacións por gastos de estadía, manutención e desprazamento.

m) Autorizar a sinatura de convenios con entidades públicas ou privadas e con particulares.

n) A elección do Vicepresidente, quen substituirá ó Presidente na súa ausencia.

ñ) Aceptar doazóns.

o) Autorizar operacións de préstamo e crédito, así como recoñecer débedas e créditos.

p) Dispor, seguir, abrir e cancelar contas e depósitos.

q) Nomear e separar empregados e representantes.

r) Acordar a comparecencia ante Xulgados e Tribunais de calquera xurisdición.

s) Cantas materias non estean expresamente reservadas á Xunta Xeral ou ó Director-Xerente.

Artigo 23º.- Son facultades do Presidente do Consello de Administración:

a) Convocar os Consellos.

b) Sinalar a Orde dos asuntos que se tratarán en cada reunión.

c) Presidir e dirixir as deliberacións e votacións.

d) Asinar os contratos aprobados polo Consello de Administración así como autorizar e asinar aqueles contratos, adquisicións e subministros, cuxa autorización lle fora delegada por acordo do Consello de Administración e de acordo coas Normas Internas de Contratación.

e) Actuar en nome do Consello levando a súa representación a toda clase de pleitos e procedementos e nos recursos xudiciais ou administrativos e outorgar os poderes necesarios a estas fins.

f) Preparar, en unión do Director-Xerente, do Secretario e do Interventor, a documentación relativa aos asuntos incluídos na Orde do Día das sesións do Consello de Administración.

g) Propor e establecer convenios de colaboración con Entidades ou Organismos oficiais ou privados.

h) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello de Administración.

i) Adoptar as medidas que procedan nos casos de urxencia dando conta logo ao Consello de Administración.

k) Ordenar, conxuntamente coa Xerencia, os pagos que se efectúen con fondos da entidade.

l) Calquera outra función que nel delegue o Consello de Administración.

Artigo 24º.- Os Conselleiros desempeñarán os seus cargos coa dilixencia dun ordenado empresario e dun representante leal, e responderán fronte á Sociedade, ao Excmo. Concello e aos



EX-COISA

Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela tño.: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.743 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

Página 7 de 10



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

acreedores do dano que causen por actos contrarios á Lei, aos Estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo.

Artigo 25º.- O Consello poderá nomear un Comité de Xerencia que estará integrado polo Presidente, o Vicepresidente e o Secretario, ou no seu caso, o Secretario Suplente (Vicesecretario), e, no seu caso, o Director-Xerente da Sociedade, e poderá delegar permanente ou temporalmente facultades neste órgano.

Así mesmo, o Consello de Administración poderá designar unha ou varias Comisións permanentes ou transitorias, para cantos asuntos se solicite o seu informe polos órganos de goberno e administración da Sociedade

Sección III.- O Director-Xerente

Artigo 26º.- O Consello de Administración designará un Director-Xerente. O Director-Xerente desempeñará a Xefatura de tódolos servizos técnicos e administrativos, con independencia das funcións que nel delegue o Consello de Administración.

O Consello de Administración, ao tempo de designar á persoa que ocupará o cargo, establecerá mediante contrato as condicións nas que o desempeñará.

Artigo 27º.- Ademais das que en cada caso ou en forma xenérica lle confira o Consello de Administración, o Director-Xerente, estatutariamente, terá as seguintes facultades:

- a) Representar á Sociedade en xuízo e fora del, sempre que actúe por delegación expresa do Presidente do Consello de Administración.
- b) Dictar as disposicións de réxime interior, organizar e dirixir os servizos.
- c) Elaborar anualmente o anteproxecto do orzamento da Sociedade.
- d) Velar pola conservación das instalacións e do material fixo ou móbil.
- e) Ordenar, conxuntamente coa Presidencia pagamentos e autorizar ingresos.
- f) Autorizar, conxuntamente co Presidente ou persoa que este designe, os documentos bancarios.
- g) Preparar cantos datos, propostas e informes resulten precisos para a formulación das contas anuais.
- h) Executar e facer cumprir os acordos do Consello de Administración e do Comité de Xerencia.
- i) Preparar os expedientes dos asuntos que se tratan no Consello de Administración e no Comité de Xerencia e asistir ás súas reunións con voz e sen voto.

Sección IV.- Da Secretaría e a Intervención.-

Página 8 de 10



Bº 20LSA

Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela tño.: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.748 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com



BJ9183682

Artigo 28º.- O Secretario Xeral e o interventor de Fondos Municipais, actuarán na Empresa coas facultades e obrigas propias dos seus respectivos cargos, asistindo ás reunións do Consello con voz e sen voto.

O Secretario Xeral do Concello ou quen legalmente o substitúa, actuará como secretario do Consello de Administración da sociedade.

Artigo 29º.- O Secretario Xeral poderá ser substituído polo Secretario Suplente (Vicesecretario). O Interventor poderá delegar as súas funcións, total ou parcialmente, no Viceinterventor do Concello ou en funcionario que considere capacitado.

TÍTULO IV

CENSURA DE CONTAS

Artigo 30º.- As contas anuais e o informe de xestión estarán sometidos, no seu caso, a auditoría se así o esixise a lexislación relativa ás empresas ou entidades incluídas no ámbito das Administracións públicas. Sen embargo, a Xunta Xeral poderá nomear un auditor para a verificación das contas anuais e a realización do informe de xestión.

O seu nomeamento poderá recaer en persoa física ou xurídica, de conformidade co establecido na Lei de Auditoría de Contas, debéndose emitir o pertinente informe polo Auditor cos requisitos e esixencias normativas establecidas na normativa que sexa de aplicación.

Artigo 31º.- Os recursos da Sociedade procederán da subvención ou achega que anualmente figure nos Presupostos Xerais do Concello, das subvencións que obteña das distintas Institucións e os que se deriven da súa actividade empresarial.

TÍTULO V

RECURSOS, CONTABILIDADE E RÉXIME DE BENEFICIOS

Artigo 32º.- O exercicio social comezará o día 1 de xaneiro e rematará o 31 de decembro de cada ano. Por excepción, o primeiro exercicio social principiará o día de outorgamento da escritura de constitución e rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

Artigo 33º.- A contabilidade da Sociedade axustarase ás normas vixentes en materia mercantil, podendo responder a calquera dos sistemas admitidos, así como ás disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

Os presupostos e as contas da Sociedade integraranse e consolidaranse coas do Concello na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 34º.- As contas anuais formularanse de acordo coas normas contidas nos artigos 253 e seguintes da Lei de Sociedades de Capital e disposicións en cada momento vixentes.

Artigo 35º.- No caso de existir beneficios, haberán de se investir, integramente, nas melloras e ampliacións que redunden en ben do servizo público que se preste, unha vez cumprido o preceptuado sobre o fondo de reserva na lexislación sobre este tipo de sociedades.



EN COLSA

Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela tño: 0034.981.555.129

fax: 0034.981.554.743 info@santiagoturismo.com www.santiagoturismo.com

Pagina 9 de 10



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 36.º- No caso de existir perdas, estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes.

TÍTULO VI DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 37.º- A disolución e liquidación da Sociedade acomodarse ao establecido nas disposicións vixentes, coas especialidades propias da lexislación administrativa e presupostaria que lle sexa de aplicación.

Con carácter xeral serán de aplicación os preceptos correspondentes da lei sobre este tipo de sociedades e lexislación vixente de Réxime Local.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente co Visto e Prace da Sra Presidenta en Santiago de Compostela a 31 de xullo de dous mil trece.

Vº. E Prace.

A PRESIDENTA
Asdo. Reyes Leis Rodríguez



BJ9183681

É primeira copia exacta da súa matriz obrante no meu protocolo xeral que expido eu, Notario, para a Sociedade, estendida en oito folios de papel notarial, números o presente, e os sete seguintes correlativos en orde de numeración. En Santiago de Compostela, o mesmo día da súa autorización.- Dou Fe.-----







Folio que se añade al de la serie BJ número 9183681 de la escritura autorizada el día diez de septiembre de dos mil trece, ante el Notario de Santiago de Compostela, Don José Antonio Cortizo Nieto, número 1.236 de su protocolo.

REGISTRO MERCANTIL DE SANTIAGO

.....INSCRITO el precedente documento en el día de hoy, al folio 69 del Tomo 202 de la Sección General de Sociedades, Hoja número SC-21.392 inscripción 26ª.-----

Santiago de Compostela, a veinticinco de septiembre de dos mil trece.-

La Registradora Sustituta,
Manuel Pérez Fernández.-



A los efectos de la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter personal queda informado de que:

1.- Los datos personales expresados en el presente documento han sido incorporados al fichero del Registro y a los ficheros que se llevan en base al anterior, cuyo responsable es el Registrador y cuyo uso y fin del tratamiento es el previsto expresamente en la normativa registral. La información en ellos contenida sólo será comunicada en los supuestos previstos legalmente, o con objeto de satisfacer las solicitudes de publicidad formal que se formulen de acuerdo con la legislación registral.

2.- En cuanto resulte compatible con la legislación específica del Registro, se reconoce a los interesados los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición establecidos en la Ley Orgánica citada pudiendo ejercitarlos dirigiendo un escrito a la dirección del Registro.

3.- La obtención y tratamiento de sus datos en la forma indicada, es condición necesaria para la prestación de estos servicios.



(Entrada 1/2013/2.748,0)

FECHA : 25/09/2013 HORA : 17:11



INFORMACION E COMUNICACION LOCAL SA - A15683477

Otros actos inscribibles

Modificación y refundición de sus estatutos sociales.-

Cambio del Objeto Social

Artículo de los estatutos: Artículo 2º. Constituye el objeto social de INCOLSA, la explotación y gestión de los intereses y derechos municipales en materia de comunicación y proyección pública, la gestión de los medios de comunicación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, la prestación de servicios de información y comunicación de este Ayuntamiento y la gestión y prestación de servicios de información y comunicación en general. Y, en especial: a- La comunicación impresa mediante revistas, folletos, carteles y cualquier otro medio que se estime necesario. b- La producción, reproducción y difusión de imágenes y sonidos, a través de los sistemas que se consideren oportunos. c- El fomento y promoción de la actividad turística general en el ámbito municipal en colaboración y cooperación con las restantes Administraciones públicas y especialmente con los restantes Ayuntamientos de la comarca de Santiago de Compostela. d- El estudio, gestión y ejecución de planes de dinamización y excelencia turística y programas de actuación concertados con Administraciones y otras instituciones y entidades públicas y privadas de índole turística o de comunicación e información. e- El desarrollo y gestión de campañas de información, comunicación y promoción turística y ciudadana. f- La explotación comercial de publicaciones, folletos, imagen corporativa, símbolos y anagramas, titularidad del Ayuntamiento de Santiago, así como aquellos otros que se puedan elaborar o producir por la propia Sociedad. g- La gestión de las oficinas de información turística y ciudadana y la producción de cuantos otros servicios turísticos se consideren necesarios para el desarrollo del sector en el municipio. h- Cuantas actividades o funciones sean anexas o complementarias de las anteriores y, en general, todas aquellas encaminadas a la promoción de la ciudad de Santiago y de sus habitantes. i- Crear y desarrollar redes relacionadas con la gestión, investigación e innovación del impacto turístico en los nuevos desarrollos urbanos y en los ya existent

Objeto Social: La explotación y gestión de los intereses y derechos municipales en materia de comunicación y proyección pública, la gestión de los medios de comunicación del Ayuntamiento, la prestación de servicios de información y comunicación en general.

Datos Registrales:

Tomo: 202 , Libro: 0 , Folio: 69 , Sección: 8 , Hoja : SC 21392

Inscripción o anotación : 26 / Fecha: 25/09/2013 Año Pre.: 2013

Importe de publicación en BORME : 55,68

9.264P

SANT.COMPOSTELA MERCANTIL
LISTADO DE ENVIO AL BORNE DE ACTOS

PAGINA : 2

(Entrada 1/2013/2.748,0)

FECHA : 25/09/2013 HORA : 17:11



La presente información se certifica a los efectos previstos en el apartado 2 del artículo 25 (rectificación de errores) de la Orden del Ministerio de Justicia de 30 de diciembre de 1991.

SANT.COMPOSTELA MERCANTIL T. 35 F. 40
INFORMACION E COMUNICACION LOCAL SA
Presentación: 1/105/2.232 Folio: 417 F.P.: 13/09/2013

Prot.: 2013/1236/N/10/09/2013

Fecha: 13/09/2013 10:40 N.Entrada: 1/2013/2.748,0

Pres: PRIFTO PEREZ AURFA MARIA